

Explica a evolución política durante o Sexenio democrático e os principais problemas que enfrentaron os sucesivos gobernos, partindo da información dos documentos que seguen.



Fonte: VARIOS AUTORES: *Introducción á Historia de España*, 1974.



Caricatura sobre o problema de Cuba aparecida na revista satírica *La Flaca*. O texto que a acompaña di "As ligas da miña morena".

- ¿Quen se mostran partidarios de lle da-la liberdade a Cuba e quen o intentaron impedir?

Ó nos erguer armados contra a opresión do tiránico goberno español, manifestámoste ó mundo as causas que nos obrigaron a dar este paso (...) España imponnos no noso territorio unha forza armada que non leva outro obxecto que facernos dobra-lo pescozo ó xugo de ferro que nos degrada.

Os nosos valiosos produtos, mirados con xenreira polas repúblicas dos pobos mercantís estranxeiros [polos prexuízos] que provoca o sistema de alfándegas español para lles coarta-lo seu comercio; se ben venden a grandes prezos nos portos doutras nacións, aquí o infeliz produtor non alcanza sequera para cubri-los seus gastos (...).

Nós consagramos estes dous venerables principios: nosotros cremos que tódolos homes son iguais (...) admirámo-lo sufraxio universal, que asegura a soberanía do pobo; desexámo-la emancipación gradual e baixo indemnización da escravitude, o libre cambio coas nacións (...) demandámo-la relixiosa observación dos dereitos imprescindibles do home, constituíndonos en nación independente, porque así cumpre á grandeza dos nosos futuros destinos e porque estamos seguros que baixo o cetro de España nunca gozaremos do franco exercicio dos nosos dereitos (...).

Manifiesto pola Independencia de Cuba. Carlos Manuel de Céspedes. (10 de outubro de 1868)

- Explica o contido do texto e analiza as causas expostas para a independencia.

A VISIÓN DOS CONTEMPORÁNEOS

O carlismo

O remate da primeira guerra carlista non significou a fin do problema carlista. En 1839 o carlismo foi derrotado como forza militar e, aínda que se produciron novos levantamentos (segunda guerra carlista, guerra *dels matiners* en Cataluña no período 1846-1849, e terceira guerra carlista en 1873-1875), o certo é que non volveu constituir un problema serio para o trono de Isabel II.

Pero as causas que o orixinaran e os grupos que o apoiaran non desapareceron. O novo réxime liberal e a monarquía isabelina deron integrado no sistema a gran parte dos mandos militares que se alzaran a prol do carlismo e deron atraído tamén a parte da xerarquía católica. Pero non se deu solucionado o descontento dos campesiños das zonas tradicionalmente carlistas, nin tampouco borrado a desconfianza que a nova sociedade liberal creaba na maioría do clero e da pequena nobreza rural, nin se rematou co sentimento de perda de autonomía nos territorios con tradición foral (País Vasco e Navarra).



O pretendente carlista, Carlos VII.

